

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso en atencións á dependencia

Expedientes: G.6.Q/4959 e
4977/20

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2021

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] debido ao retraso en dúas atencións á dependencia.

ANTECEDENTES

No seu escrito indícanos que o 8 de outubro de 2018 presentouse solicitude de valoración de grao de dependencia dos pais, veciños de ... Aranga. Despois de ser valorados o 17 de setembro de 2019 emitíuse ditame-proposta no que se propuxo recoñecerlles aos dous unha situación de dependencia grao I. A dito grao corresponderíalle entre outros servizos o de axuda a domicilio. Ao non ter novas de cando comezarían, púxose en contacto coa Consellería de Política Social e responderon que xa estaba a notificación no Concello de Aranga. Nel a traballadora social informa que por lei lles corresponden aos seus pais un total de 40 horas, pero que de momento teñen outras persoas diante delas e polo tanto non a reciben. Están nunha lista na que suben e baixan o posto que ocupan dependendo das persoas que se van incluíndo. Na actualidade reciben axuda no fogar por parte do Concello de Aranga, hora e media os luns e mércores e unha hora e cuarto os venres. A única axuda que teñen, á parte da citada, é a súa, que é limitada pola residencia na Coruña e a discapacidade que padece, do 33%, ao sufrir un infarto e superar un cancro. "A situación de meus pais dende a valoración inicial cambiou a peor. Meu pai é unha persoa que o vindeiro mes de febreiro cumprirá os noventa e un anos e con problemas de mobilidade e cardiovasculares. Miña nai, que cumprirá os 85 anos, a principios de xaneiro padece unha forte artrose nas mans e tamén con problemas de mobilidade. Viven sos...". A consellería recoñece o grao de dependencia, pero non se toman as medidas para que a axuda que lles corresponde (40 horas mensuais) sexa unha realidade, sinala.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información ao Concello de Aranga e a Consellería de Política Social, que xa nola remitiron. Nos informes sinálase o seguinte:

-Concello de Aranga:

"Que, de acordo cos datos que constan no Departamento de Servizos Sociais deste concello, en data 14/09/2018 acoden aos SS SS con cita previa [REDACTED]... a súa cónxuxe [REDACTED]..., con domicilio en [REDACTED], xunto co fillo de ambos [REDACTED]"

██████████ onde expoñen o seu caso e se lles informa dos recursos existentes e trámites a realizar en función da necesidade exposta. Deciden solicitar o servizo de axuda no fogar tanto na modalidade dependencia como por libre concorrencia.

Unha vez presentan a documentación, realízase a tramitación para a solicitude de valoración da situación de dependencia de ██████████ e ██████████, presentándose a través do SIR en data 08/10/18 e coa expectativa de recibir o SAF-dependencia, expedientes ██████████.

Foron valorados en situación de dependencia, con resolución do día 19/09/2019, ambos cun grao I e cunha puntuación de 32 e 31 puntos respectivamente.

Constan na aplicación do SIGAD (servizo Galego de atención á dependencia) con resolución de PIA (programa individualizado de atención) do 26/11/19 co servizo de atención de carácter doméstico para a realización das ABVD no propio domicilio e acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias. Son dados de alta no PAR-SAF en data 27/11/2019 (programa de asignación de recursos-servizo de axuda no fogar) no que figuran nesa data nos postos 8º e 9º da lista de agarda, tendo por diante sete persoas con maior grao e/ou máis puntuación, correspondéndolle a cada un deles unha intensidade de servizo do SAF-dependencia entre 1-20 horas de atención.

Efectivamente os beneficiarios van tendo variacións no posto que ocupan na lista de agarda de SAF-dependencia xa que cada mércores o servizo de dependencia e autonomía persoal dependente da Consellería de Política Social actualiza as litaxes, incluíndo ou non novas beneficiarios e, polo tanto, podéndose producir variacións na posición na lista dos que xa están, de acordo coa puntuación das novas incorporacións.

██████████ e ██████████ en data 27/11/2019 encontrábanse nos postos 8º e 9º, en data 29/04/20 9º e 10º, o 23/09/20 nos 12º e 13º e na actualidade a día 09/12/20 de 10º e 11º.

A lista PAR-SAF é competencia da Xunta de Galicia, dende o concello unicamente a xestionamos, dando altas no SAF-dependencia en función das horas dispoñibles seguindo a orde establecida na aplicación SIGAD da Consellería de política social en función da puntuación das persoas incluídas.

Neste concello actualmente non existen horas dispoñibles. A existencia de horas son por baixas de beneficiarios (falecementos, ingresos en centros residenciais, trasladados...) ou asignación de horas por parte da Xunta de Galicia.

A previsión de que ██████████ e ██████████ dispoñan do servizo saf-dependencia é de que lles tarde, xa que teñen moitas persoas diante, non se sabe das baixas que pode haber e non se prevé de inicio que a Xunta de Galicia asigne mais horas.

██████████ e ██████████ foron informados da posibilidade de solicitar revisión da súa situación de dependencia por agravamento, aos efectos de poder obter unha mellor puntuación e ascender postes na lista de agarda.

En relación aos medios que se puxeron para poder atender e/ou axilizar a lista de agarda do SAF-dependencia tendo en conta o número de persoas pendentes do servizo, foron os seguintes:

-A través da convocatoria de subvencións solicitouse financiamento para incremento de horas neste concello para o exercicio 2020, sen resposta polo momento.

-Contactouse telefonicamente co servizo de dependencia e autonomía persoal expoñendo a situación da lista de agarda e mostrando interese por un incremento do número de horas. Así mesmo, enviouse un correo electrónico á subdirección xeral de onde parece ser que depende o tema, expoñendo a situación da listaxe de agarda e a necesidade de asignación de máis horas ó concello, a resposta foi "o servizo saf ordinario non ten previsto incremento de horas aos concellos nestes intres".

-Co obxecto de que ██████████ e ██████████ estean atendidos mentres non dispoñen do servizo saf-dependencia efectivo son dados de alta no servizo de axuda no fogar municipal na modalidade de libre concorrència o día 01/03/19 para tarefas de carácter doméstico, xa que manifestaron polo momento non necesitar tarefas de carácter persoal. Contan actualmente co servizo os luns das 9:30 ás 11:00 h, mércores das 11:00-12:30 e os venres das 9:00 ás 10:15 horas, cunha intensidade polo tanto de 4,25 horas semanais."

-Consellería de Política Social:

"ANTECEDENTES

1. Con data 08/10/2018 ██████████, con DNI ██████████ e ██████████, con DNI ██████████, solicitan a valoración de recoñecemento da situación de dependencia. 2. Unha vez mecanizadas as solicitudes, a aplicación informática asígnalles a seguinte codificación vinculada: ██████████ E ██████████ 3. Por resolución do 19/09/2019 recoñéceselles un grao I de dependencia. 4. En data 26/11/2019 emítense as resolucións do programa individual de atención (PIA), incluíndoselles o 27/11/2019 no Programa Asignación de Recursos (PAR) para o acceso ao servizo público de "Atencións de carácter persoal e doméstico na realización das ABVD no propio domicilio e acompañamento persoal na realización doutras actividades (SAF)" cunha intensidade comprendida no intervalo de 1 a 20 horas/mes, mediante a entidade Concello de Aranga.

CONCLUSIÓN

O acceso efectivo ao servizo de axuda no fogar das persoas demandantes realízase a través do PAR en función dos recursos dispoñibles seguindo a orde de prelación normativamente establecida: a) maior grao de dependencia b) A menor capacidade económica c) A situación sociofamiliar da persoa en situación de dependencia d) A non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia e) A data de presentación da solicitude de valoración da dependencia f) A idade da persoa en situación de dependencia.

Na tramitación do PIA é frecuente que non se produza a coincidencia no tempo da resolución do PIA e a dispoñibilidade dos servizos, servizo ao que se accede segundo a orde de prelación establecida e ás horas dispoñibles en cada concello para a prestación do SAF, posto que é competencia dos concellos a asignación das horas concedidas. A posición no PAR pode variar segundo o número de persoas que son dadas de alta semanalmente.

Neste sentido, para o acceso ao dito servizo existe un prazo de tres meses, non obstante, a propia normativa recolle que se transcorrido este prazo non se produciu o acceso ao servizo, a persoa beneficiaria poderá solicitar una modificación do seu PIA para os efectos de obter unha libranza vinculada ao servizo de axuda no fogar.

Deste xeito, a persoa beneficiaria podería optar ao recoñecemento da dita libranza manifestando o seu desexo de continuar de alta no PAR á espera do acceso ao servizo público solicitado.

Por outra banda, informámoslle que dentro das medidas incluídas no ámbito do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o 26/11/2020 o Consello da Xunta de Galicia deu o visto e praxe ao informe presentado pola Consellería de Política Social en relación coa posta en marcha dun "Plan de Reforzo do Servizo de Axuda no Fogar", mediante o cal se producirá un incremento dun millón de horas de atención de SAF ao ano destinado a persoas en situación de dependencia, o que producirá un aumento das persoas atendidas por este servizo, e consecuentemente una redución das listas de espera no PAR.

En base á medida sinalada, o concello de Aranga obterá con efectos desde o día 22/12/2020 un incremento de 588 horas/anuais (49 horas/mensuais) coa finalidade de que poda prestar a atención do servizo de axuda no fogar a un maior número de persoas usuarias."

ANÁLISE

1. A consellería e o concello confirman o retraso dos servizos de axuda no fogar aprobados. Os servizos aprobáronse hai máis dun ano, o 26-11-19, pero non teñen efectividade debido a que as persoas afectadas se atopan en lista de agarda cos números 10 e 11. Dende que se aprobaron os seus PIAs e pasaron á lista de agarda os postos máis avanzados que tiveron foron o 8 e o 9, en novembro de 2019; dende entón a súa posición empeorou.

2. A efectividade do servizo non é previsible, tendo en conta a súa situación na lista e que o aumento de horas só permite contar con 49 horas mensuais máis, o que permitirá atender a

algo máis de dúas persoas da lista se todas elas tiveran grao I de dependencia, e a menos se tiveran graos máis elevados.

3. O anterior sucede a pesar de que os servizos recoñecidos mediante o PIAs son un dereito subxectivo para as persoas en situación de dependencia, polo que debería dársele efectividade.

4. A prestación do servizo corresponde ao ente local, pero a consellería é quen aproba as horas de servizo que permiten aumentar a dispoñibilidade para as persoas en agarda, sen prexuízo das xestións municipais para que o servizo teña efectividade, fundamentalmente a contratación do mesmo e a súa efectiva prestación.

5. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49).

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar á Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que se adopten as medidas que permitan dar efectividade aos SAFs xa aprobados, posto as persoas afectadas teñen o seu dereito recoñecido a través de programa de atención, como no caso das persoas afectadas.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente.



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(asinado dixitalmente)